

Humor quixotesco

O Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades acaba de sacar ao prelo o nº IX dos seus “Cadernos galegos de pensamento e cultura”. Trátase dun monográfico da autoría do caricaturista e humorista Siro López sobre o humor de Cervantes no *Quixote*, un volume que vén arrefecer a ampla bibliografía existente sobre o xenio cervantino, desta xeira desde un punto de vista que para nós ten especial interese: o valor da obra como creación humorística.


En apenas 87 páxinas e seis capítulos, Siro López seguindo as pegadas do mestre Celestino Fernandez de la Vega, analiza os aspectos do *Quixote* como obra humorística e as circunstancias biográficas e históricas que levaron a Cervantes a crear a obra que marca o nacemento do humorismo como creación literaria.

Para iso e, previamente, realiza un estudo sobre as formas do humor e sobre o humor en Galicia deténdose no humorismo macabro existente na superstición e na característica retranca.

Re - pasando ademais a opinión de diversos filósofos que ao longo da historia trataron o tema, Siro López analiza a diferenza entre a comicidade, a sátira e o humorismo

Comicidade e sátira

 DORINDA CASTRO SOLIÑO



advertindo respecto deste último que as creacións máis sutís proveñen das minorías oprimidas que se valeiron delas para aturar a súa difícil existencia.

En capítulos posteriores a través de citas entresacadas das súas obras e da opinión dos coetáneos, o autor achéganos á figura de Miguel de Cervantes, a súa biografía e á súa pegada humanista. O nacemento do humorismo a comezos do XVII non se explicaría sen o drama biográfico e intelectual do seu creador: Cervantes viviu a experiencia da es-

cravitude, percibiu o esfarelamento do imperio español e padeceu a presión da Contrarreforma, circunstancias todas elas que se converteron en motivación para usar a ironía e o sentido do humor nunha obra innovadora na que o protagonista é portador dos valores morais do ser humano. É o Quixote personaxe trágico, cómico, traxicómico e humorístico. Para Siro López a achega fundamental da novela foi atopar un xeito de humor distinto á comicidade e á sátira, unha maneira máis fonda e transcendente de facer humor: “non hai que rir nin chorar indebidamente, senón comprender e sorrir”.

Por último, Siro López detense na influencia do manierismo no nacemento do humor e a caricatura.

Un interesante estudo que nos aporta máis información sobre a novela cervantina-cousa nada doada a día de hoxe- e unha nova perspectiva da obra “máis triste do mundo” en palabras de Dostoiévski.

LÓPEZ, Siro, Sobre o humor de Cervantes no Quixote, Ed. Xunta de Galicia, Santiago, 2006, 96 páxinas